

Memoria xustificativa para a contratación da subministración de forraxes secas para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo.
Expediente: 2024/CON_02/000037**Antecedentes**

A forraxe en cantidades moderadas nas racións do gando favorece o consumo de materia seca e contribúe a aumentar a ganancia de peso. No caso do gando de leite contribúe a homoxenizar as partículas de alimento da ración, de xeito que manter un nivel axeitado de fibra na dieta é un factor importante para manter o rendemento, a saúde animal e os custos de produción. En racións moi enerxéticas, a forraxe contribúe a previr a acidose ruminal, estimulando a rumia.

Por este motivo as forraxes secas son un complemento axeitado nas racións do gando e deben incluírse na formulación das dietas coidando a calidade e as súas características físicas.

Deste xeito a palla que se obtén de certas gramíneas, xeralmente cereais (trigo, avea, centeo, cebada, etc.) toda vez que se separa a parte fibrosa da planta dos graos, que logo se corta e prensa en fardos ou pacas para ser almacenadas, é común utilizala como cama para o gando ou como alimento, ben sexan équidos ou ruminantes, sendo habitual a súa incorporación ás racións das vacas de leite.

Como alimento para incorporar á ración do gando, a palla de cereais resulta ser un alimento cun elevado contido en fibra, un nivel enerxético e proteico moi baixo e excasa dixestibilidade e palatabilidade, se ben a súa conservación pode xogar un aspecto importante de cara a que a palla poida resultar máis apetecible, e a palla dun ano mellora a palatabilidade e a dixestibilidade con respecto á palla fresca. A calidade da palla ben determinada pola calidade da fibra determinada polos valores de fibra neutro deterxente (FDN), fibra ácido deterxente (FAD) e lignina ácido deterxente (LAD), e o seu contido en Ca, P e K sobre todo se se vai utilizar na ración de vacas secas xa que estes minerais poden condicionar unha deficiencia de magnesio o que pode predispoñer a padecer hipomagnesemia.

A palla debe presentar un color amarelo máis ou menos intenso dependendo do tipo de cereal, se ben as pallas que presentan un color agrisado, negrume ou verdoso deben rexeitarse incluso para o seu uso como material da cama, xa que indica unha probable contaminación fúnxica. A palla debe ter unha humidade que non debe superar o 13% de xeito que garanta a súa correcta almacenaxe e conservación, e debe ter un olor característico e agradable, olores a terra mollada ou o aspecto enmofecido son indicativos dun exceso de humidade ou unha conservación ou almacenaxe incorrecta. A palla non debe presentar po ou pedras en cantidades excesivas, o que indica que foi recollida de xeito inadecuado, e debe ter unha textura axeitada de xeito que as vainas fibrosas poidan dobrarse con facilidade, pola contra se resultan duras e ofrecen resistencia ao ser dobradas, é indicativo de niveis de lignina elevados e polo tanto o seu valor enerxético será baixo. Deste xeito debe rexeitarse a palla húmida, enmofecida ou cuberta de pó ou terra, tal que se asegure a calidade da mesma e a ausencia de mofos ou micotoxinas ou outros microorganismos que se desenvolven na palla enmofecida ou mal conservada.


Como material para a cama a palla de cereais aporta unha superficie comfortable, illada térmicamente e que ofrece protección fronte a humidade tal que garante unha zona de descanso limpa, seca e comfortable.

Doutro xeito, se ben a palla de cereais resulta axeitada para a elaboración de racións de tipo "unifeed" para o gando vacún, no caso do gando equino ou cando se require incorporar unha forraxe máis enerxética á ración do gando bovino, a alfalfa en rama aporta un extra de enerxía as racións e ofrece maior dixestibilidade e maior palatabilidade, conseguindo un mellor manexo da alimentación que aporta un produto de alta calidade tal coma a alfalfa en rama, que conserva ao máximo todas as súas propiedades, cun elevado contido en fibra, proteína, minerais, CA, P e Vitaminas.

A Granxa Provincial Gayoso Castro, dependente da Deputación Provincial de Lugo acolle entre outras actividades dúas explotacións de produción e reprodución de gando vacún de raza frisona e de raza cachena con REGAS ES2701001837001 e ES 270100127901, respectivamente, unha explotación de produción e reprodución de recría de xovencas de raza rubia galega con código REGA ES 270100093601, e unha explotación de gando equino con REGA ES270100179301.

A xestión e manexo das explotacións coas que conta a Deputación provincial, require a subministración de palla de cereais, preferiblemente palla larga de cebada, tanto para o manexo da alimentación coma para a incorporarlal como

	IV7XTXBDDURKJCPMAE4AOERSMM	Fecha y Hora	24/04/2024 23:38:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	FRANCISCO CAJOTO CASERIO (DEPUTADO/A)		
Firmado por	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XTXBDDURKJCPMAE4AOERSMM	Página	1/5



material da cama para o gando, se ben para o manexo da alimentación do gando equino a forraxe a base de alfalfa en rama resulta mais axeitada, sendo este un produto de alta calidade que conserva ao máximo todas as súas propiedades, cun elevado contido en fibra, proteína, minerais, CA, P e Vitaminas.

E por este motivo polo que resulta preciso contratar a subministración de forraxes secas, preferiblemente palla larga de cebada e alfalfa en rama, ou calquera outra forraxe seca que se precise de acordo as necesidades de manexo e de alimentación, para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo.

Obxecto e alcance do contrato

O obxecto do contrato é o subministración de forraxes secas, preferiblemente palla larga de cebada e alfalfa en rama, ou calquera outra forraxe seca que se precise de acordo as necesidades de manexo e de alimentación, para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo.

A subministración realizarase nas instalacións da Granxa Provincial Gayoso Castro, en coordinación co persoal responsable da Granxa, previo aviso por parte da adxudicataria do momento no que se vai proceder a realizar o dito subministro, debendo contar a empresa adxudicataria cos medios de transporte, materiais e humanos para o axeitado cumprimento do contrato ao respecto da subministración obxecto do mesmo.

Deberá dispoñer así mesmo dos necesarios materiais e humanos para proceder á descarga do subministro para a súa almacenaxe nas instalacións da Granxa Provincial.

O prazo de entrega dende que se emite o aviso da necesidade do subministro será dunha semana, e a cantidade a subministrar será a que indique o persoal responsable da Granxa e coa frecuencia que en función das necesidades determinen.

O subministro axustarase as características técnicas que se definen no Prego de Prescricións Técnicas do presente contrato e, en todo caso, incluírá (*) :


1. Pacas de palla larga de cebada, rectangulares, dunha medida aproximada de 70x120x240 cm. (atendendo a calidade do produto estas medidas poderán variar), de olor característico e agradable, color amarelo mais ou menos intenso, e textura axeitada, non superando o 13% de humidade. Rexeitarase o subministro obxecto do contrato, se as pacas presentan unha humidade superior ao 13%, color gris, verdoso ou negrume, aspecto enmohecido, se presentan malas herbas ou cardos, gran cantidade de pedras, po ou terra, reservándose á Administración o dereito de comprobar a calidade do produto no momento da descarga, e rexeitar o produto se se considera non conforme ao respecto das características técnicas establecidas no Prego de Prescricións Técnicas e no presente contrato.

2. Pacas de alfalfa en rama, rectangulares, dunha medida aproximada de 70x120x240 cm. (atendendo a calidade do produto estas medidas poderán variar), para o seu uso como alimento base para o gando equino da Granxa Gayoso Castro, de olor característico e agradable e textura axeitada, non superando a porcentaxe de humidade do 13%. Rexeitarase o subministro, se as pacas de alfalfa presentan unha humidade superior ao 13%, color alterado ou negrume e/ou aspecto enmohecido, se presentan malas herbas ou cardos, gran cantidade de pedras, po ou terra.

* De ser precisa a subministración doutra forraxe seca atendendo as necesidades de manexo e de alimentación do gando da Granxa Provincial, atenderase prioritariamente a prestación do servizo de acordo ao disposto neste prego e no Prego de Prescricións Técnicas do presente contrato, e sempre que se respecte o orzamento total estimado para o contrato. As subministracións presentaranse conservadas en pacas rectangulares de medida aproximada 70x120x240 cm., podendo haber variacións de acordo a calidade do produto. O prezo quedará determinado en función dos prezos de mercado de subministracións análogas, determinado de forma contraditoria co responsable do contrato que emitirá un informe no que incorporará a xustificación da necesidade e a adecuación a prezos de mercado. Neste suposto será de aplicación a mesma porcentaxe de desconto que a ofertada para as subministracións obxecto do contrato.

A Deputación de Lugo reservase o dereito de comprobar a calidade do produto ou produtos subministrados no momento da descarga, e rexeitalos produtos se se considera non conforme ao respecto das características técnicas

	IV7XTXBDDURKJCPMAE4AOERSMM	Fecha y Hora	24/04/2024 23:38:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	FRANCISCO CAJOTO CASERIO (DEPUTADO/A)		
Firmado por	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XTXBDDURKJCPMAE4AOERSMM	Página	2/5



establecidas no Prego de Prescricións Técnicas e no presente contrato. Así mesmo reservase o dereito de comprobar o peso total das subministracións obxecto do contrato, e de cada unha das partidas que se subministren.

A Deputación de Lugo poderá realizar cantas análises considere necesario a fin de determinar a calidade do produto, ao respecto da % de humidade, % de Materia seca (MS), % de Proteína Bruta (PB), Enerxía (TND), Dixestibilidade, determinada polos valores da fibra neutro deterxente (FDN), fibra ácido deterxente (FAD), lignina ácido deterxente (LAD), e o seu contido en Ca, P e K (%), podendo rexeitar o suministro se as analíticas indican una baixa calidade do produto subministrado.

Xustificación da necesidade

As forraxes secas son produtos que resultan ideais para complementar a ración alimenticia do gando, aportando fibra á dieta e favorecendo o consumo de materia seca a fin de manter a saúde e o benestar dos animais, e conseguir un rendemento e unha produción eficaz, ou para incorporalas para a súa utilización na cama do gando aportando unha superficie suave, seca e comfortable.

A Granxa Provincial Gayoso Castro, dependente da Deputación Provincial de Lugo acolle entre outras actividades varias explotacións de gando vacún e equino, e por este motivo polo resulta precisa a contratación para a subministración de forraxes secas (palla larga de cebada, alfalfa en rama, ou outra forraxe seca que se precise de acordo as necesidades de manexo e de alimentación do gando)para incorporalas na ración alimenticia do gando ou como material de cama.

A Deputación Provincial de Lugo conta na actualidade con dous contratos vixentes para a subministración de forraxes; o contrato n.º EXPTE 2021/CON_02/000039 e o contrato n.º EXPTE 2021/CON_02/000081, relativos á contratación para a subministración de palla e alfalfa respectivamente, para o gando da Granxa Gayoso Castro, se ben debido a un incremento das necesidades de alimentación e de manexo do gando, o consumo habitual destas forraxes tense incrementado no último ano, motivado fundamentalmente polas condicións climatolóxicas e a seca que padeceu Galicia , que provocou unha diminución non tanto na cantidade pero sí á calidade das forraxes producidas na propia explotación , o que obrigou ao axuste das racións alimenticias e ao incremento do consumo das subministracións obxecto de tales contratos.

Deste xeito non existe crédito dispoñible nos devanditos contratos para atender as necesidades de tales subministracións, que se precisan para a xestión do manexo e a alimentación das explotacións que mantén a Granxa Gayoso Castro, polo que resulta urxente a tramitación dun novo contrato para a subministración de forraxes secas (palla larga de cebada, alfalfa en rama, ou outra forraxe seca que se precise de acordo as necesidades de manexo e de alimentación do gando) para incorporalas na ración alimenticia do gando ou como material de cama.

Xustificación da insuficiencia de medios propios

As forraxes secas son produtos que permiten conservar os excedentes de certas plantas, xeralmente cereais ou leguminosas, tales coma o trigo, a avea, o centeo, a cebada, a alfalfa, etc., que logo de sometelas a un proceso de secado a fin de reducir a humidade, se cortan e se presan en fardos ou pacas, co obxectivo de conservarlas e almacenalas a fin de manter o máximo valor nutricional posible e que resultan ideais para incorporar tanto á ración alimenticia do gando, aportando fibra a dixestibilidade, como para incorporalas como material de cama.

A Granxa Provincial Gayoso Castro, dependente da Deputación Provincial de Lugo acolle entre outras actividades varias explotacións adicadas á produción e reprodución de gando vacún de raza frisona e de raza cachena, de recría de xovencas e outra explotación de gando equino, e se ben a finca que acolle a Granxa Provincial ten unha extensión arredor de 300 Ha., a meirande parte son xestionadas polo Centro de Recría, e arredor de 80 Ha. xestiónanse dende a Granxa Provincial , adicadas principalmente a pastoreo e á produción de ensilado de herba e millo, non resultando axeitado o terreo nin o clima, excesivamente húmido, para o cultivo e produción de cereais e/ou palla de calidade, nin de calquera outra forraxe que se conserve seca.

Clasificación CPV

03114200-5 Plantas forraxeiras
03114100-4 Palla

	IV7XTXBDDURKJCPMAE4AOERSMM	Fecha y Hora	24/04/2024 23:38:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	FRANCISCO CAJOTO CASERIO (DEPUTADO/A)		
Firmado por	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XTXBDDURKJCPMAE4AOERSMM	Página	3/5



Prazo e duración do contrato

A duración do contrato será dun ano, coa posibilidade de prorrogalo de forma anual 2 veces mais ata un máximo total de 3 anos.

Orzamento de licitación

Do estudo dos prezos de mercado do material para fornecer estimouse o orzamento máximo de licitación anual que se desagrega a continuación:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (OBL)					
CONCEPTO	PREZO (€/ Tn .)	CANTIDADE MÁXIMA (Tn.)	IMPORTE TOTAL (Sen Ive)	IVE (10%)	IMPORTE TOTAL (Ive engadido 10%)
PALLA LARGA DE CEBADA	200,00€/ Tn.	250Tn.	50.000,00€	5.000,00€	55.000,00€
ALFALFA EN RAMA	350,00 €/Tn.	30 Tn.	10.500,00€	1.050,00€	11.550,00€
OBL			60.500,00€	6.050,00€	66.550,00€

Deste xeito o orzamento base da licitación son 60.500,00€, aos que se lle engade un 10 % en concepto de IVE, é dicir 6.050,00€ , o que fai un total de 66.050,00€ por ano.

Proposta de pagamento

Emitirase unha factura por subministración completa e descargada, que deberá incluír de xeito detallado as subministracións fornecidas en cada entrega.

Ao tratarse da subministración con entregas parciais, as ofertas económicas deberán reflectir o prezo unitario para as facturacións correspondentes.

Criterios de adjudicación

Os criterios de adjudicación serán avaliados automaticamente:

De conformidade co establecido nos artigos 131 e 145 da LCSP, a adjudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adjudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo. A mellor relación calidade-prezo avaliarase con arranxo a criterios de valoración cualificables matematicamente. Valoración máxima total: 100 puntos.

➔ OFERTA ECONÓMICA: Máximo: 95 puntos.

Para cada subministración establécese un prezo/tonelada máximo no Prego de prescricións técnicas (PPT).

O licitador debe facer unha oferta de baixa global para todos eles. A rebaixa expresarase en % axustado a un máximo de dous decimais.

O anexo cumprimentado correctamente pero sen expresión de cantidade concreta, de acordo coas regras de determinación do prezo, entenderase que oferta ao tipo de licitación e obterán 0 puntos.

Aquelas proposicións que oferten 0 serán valoradas con 0 puntos.

O licitador que oferte o maior porcentaxe de desconto obterá a máxima puntuación.

O resto de ofertas puntuarase proporcionalmente, atendendo á seguinte fórmula matemática:

	IV7XTXBDDURKJCPMAE4AOERSMM	Fecha y Hora	24/04/2024 23:38:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	FRANCISCO CAJOTO CASERIO (DEPUTADO/A)		
Firmado por	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XTXBDDURKJCPMAE4AOERSMM	Página	4/5



Puntuación = POE * (PO/PB)

Onde:

POE: Puntuación da oferta económica.

PO: Porcentaxe ofertado pola empresa que se valora.

PB: Porcentaxe máis alto de baixa presentado.

➔ REDUCCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA. Máximo: 5 puntos

Valorarase o menor tempo de entrega que supoña unha rebaixa sobre os días máximos esixidos no Prego de prescricións técnicas (PPT). Reducindo as necesidades de aprovisionamento da Granxa Gayoso Castro.

ENTREGA: MÁXIMO 6 DÍAS.....2,5 puntos

ENTREGA: MÁXIMO 5 DÍAS.....3,5 puntos

ENTREGA: MÁXIMO 4 DÍAS.....5 puntos

División por lotes

Non procede a división en lotes pola natureza do obxecto contractual que non permite a súa división sen prexudicar o resultado final dos traballos.

Outras consideracións

Entrega da subministración:

As subministracións obxecto do contrato realizaranse nas instalacións da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante entregas parciais periódicas durante a vixencia do contrato, a demanda das necesidades de manexo e alimentación do gando das explotacións que acolle a Granxa estipuladas polo persoal responsable da mesma.

A adxudicataria informará de forma previa do momento no que se vai a proceder a realizar a devandita subministración e deberá dispoñer así mesmo dos medios necesarios materiais e humanos para proceder á descarga do subministro para a súa almacenaxe nas instalacións da Granxa Provincial.

O prazo de entrega dende que se emite o aviso da necesidade do subministro será dunha semana e a cantidade a fornecer será a que indique o persoal responsable da Granxa coa frecuencia que en función das necesidades determine.

Responsable do Contrato

A responsable do contrato será Sonia Verdes Gil, Directora da Granxa Provincial Gayoso Castro (Área de Recursos Sostibles) ou a persoa en quen delegue ou substitúa.

Vogais da mesa de contratación

Titular: Gonzalo Rodríguez Ferreiro. Coordinador Xefe da Granxa Gayoso Castro

Suplente: Don Manuel Doval Arza, Veterinario da Granxa Gayoso Castro

Este documento substitúe o asinado o 23/04/2024

Na data da sinatura dixital,
A Directora da Granxa Gayoso Castro
Sonia Verdes Gil.

CONFORME:

O Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles
Francisco Cajoto Caserío

	IV7XTXBDDURKJCPMAE4AOERSMM	Fecha y Hora	24/04/2024 23:38:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	FRANCISCO CAJOTO CASERIO (DEPUTADO/A)		
Firmado por	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XTXBDDURKJCPMAE4AOERSMM	Página	5/5

